



Sr. Secretario Xeral de Calidade e  
Avaliación Ambiental  
Consellería de Medio Ambiente,  
Territorio e Infraestruturas  
Xunta de Galicia

D. Serafín J. González Prieto, Presidente da SGHN, en relación coa Consulta sobre Decisión de Avaliación de Impacto Ambiental do proxecto Parque Eólico Oleirón (Brión e Rois, A Coruña), promovido por NORVENTO S.L. clave 2011/0059,

## EXPÓN:

1. Que de acordo co "*Documento ambiental*" non afectaría a hábitats de conservación prioritaria na Unión Europea.
2. Que, de acordo co "*Documento ambiental*", coas categorías contempladas nos Libros Vermellos estatais e no Catálogo Galego de Especies Ameazadas (Decreto 88/2007) e no Anexo I da Directiva Aves o proxecto podería afectar a 14 especies de vertebrados catalogadas nalgunha categoría de ameaza para a súa conservación (*Chioglossa lusitanica*, *Rana iberica*, *Rana temporaria*, *Hyla arborea*, *Pernis apivorus*, *Circus pygargus*, *Falco columbarius*, *Falco peregrinus*, *Caprimulgus europaeus*, *Lullula arborea*, *Galemys pyrenaicus*, *Rhinolophus hipposideros*, *Rhinolophus ferrumequinum*, *Myotis myotis*).
3. Que o "*Documento de inicio*" continúa coa "tradición" de copiar e pegar texto de outros documentos previos do mesmo promotor sen molestarse tan siquera en adaptalo ao novo proxecto. Así na páxina 147 afirma textualmente que "*Las especies migradoras también se ven involucradas en colisiones, a pesar de que generalmente vuelan a más de 150 m de altura, muy superior a la altura de un aerogenerador y su pala*" cando a altura dos buxes dos aerogeneradores proxectados é de ata 120 m e o diámetro do rotor de ata 112 m, e dicir, unha altura total de ata 181 m.

## SOLICITA:

Que o proxecto de Parque Eólico Oleirón (Brión e Rois, A Coruña), promovido por NORVENTO S.L. clave 2011/0059, se someta a Estudio de Impacto Ambiental e que éste:

1. Avalíe con detalle e rigor as posibles afeccións do proxecto sobre as especies incluídas no anexo I da Directiva Aves, nos Libros Vermellos estatais e no Catálogo Galego de Especies Ameazadas presentes na zona e contemple a adopción de medidas mitigadoras:
  - a. *Chioglossa lusitanica*, *Rana iberica*, *Rana temporaria*, *Hyla arborea*, *Galemys pyrenaicus*: mortandade nos viais de acceso por atropelo e atrapamento en gabias, taxeas, pasos canadienses, etc.
  - b. *Pernis apivorus*, *Circus pygargus*, *Falco columbarius*, *Falco peregrinus*, *Caprimulgus europaeus*, *Lullula arborea*, *Galemys pyrenaicus*, *Rhinolophus hipposideros*, *Rhinolophus ferrumequinum*, *Myotis myotis*: mortandade por impacto cos aerogeneradores e perturbacións sobre a súa utilización dos hábitats na contorna do parque eólico durante todas as fases do ciclo vital.
  - c. Contemple a inclusión de todas as medidas preventivas e/ou correctoras recomendadas nos Plans de conservación de especies ameazadas que teña elaborados (ou en elaboración) a Xunta de Galicia de acordo co previsto nos artigos 15 e 16 do Decreto 88/2007.



## Sociedade Galega de Historia Natural

*Dende 1973 estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego*

### Presidencia

Apartado de Correos nº 330 ; 15780 SANTIAGO DE COMPOSTELA

<http://www.sghn.org> e-mail: [sghn@sghn.org](mailto:sghn@sghn.org)

2. Avalíe a mortandade de anfibios, réptiles, aves e mamíferos nos viais de acceso (atropelo e atrapamento en gabias, taxeadas, pasos canadienses, etc.) e a adopción de medidas eficaces para mitigala.

En Santiago de Compostela, a 21 de xuño de 2011